

Consello Escolar (01-03-2011)

Principais temas tratados:

- Entrega, ao CEIP por parte da Deputación, dun telescopio, trípode e 13 prismáticos, pola súa participación no **Proxecto Mandeo**.

- **Previsión de alumnado para o curso 2011/2012.**

Prazas dispoñibles en 4º E. Infantil (3 anos) = 88 prazas para unha previsión de 130 nenos.

Prazas dispoñibles en 1º E. Primaria = - 6 prazas. Xa se sabe que nas condicións actuais non haberá praza para 6 nenos/as dos matriculados no último ano de infantil, nas escolas públicas de Betanzos, Coirós e Paderne.

As previsións demográficas indican que cara o curso 2011-12 aumentará a número de nenos ata o punto de que ou se habilitan 2 aulas máis ou 48 nenos/as non poderán matricularse de novo no CEIP Vales Villamarín.

A masificación está asegurada e máis que nunca urxe a apertura do novo colexio de infantil e a remodelación dos actuais edificios do Vales Villamarín.

- **Plan de Autoprotección Escolar. Aprobeuse**

Este documento é un conxunto de medidas tendentes a neutralizar ou minimizar, cos medios de que se dispoña, os accidentes ou emerxencias e as súas posibles consecuencias ata a chegada de axudas externas.

Os seus obxectivos principais son:

- a) Coñecer os edificios e as súas instalacións para identificar os riscos potenciais.
- b) Adoptar medidas preventivas para evitar que se produzan accidentes
- c) Estudar as vías de evacuación para a realización dun simulacro de evacuación.

- **Plan de Xestión do Centro. Aprobeuse.**

Ten por finalidade **optimizar os recursos** humanos e materiais dos que dispón o colexio.

- **Celebracións festivas no centro.**

Á Dirección estuda unificar por niveis as celebracións a realizar ao longo do curso (día da Paz, do Libro, aniversarios, festas tradicionais, etc..) centrándose en aquelas con máis valor docente e desechando aquelas outras con menos valor formativo.

Que publicaron os periódicos de febreiro

El Ideal Gallego

Lunes, 07 de Febrero de 2011

PORTADA - GALICIA ESPAÑA MUNDO ECONOMÍA SOCIEDAD PERIÓDICO IMPRESO DEPORTES OPINIÓN

Betanzos-Educación realiza catas en los terrenos para el colegio a la espera de la cesión municipal

El Ideal Gallego

Xoves, 10 de Febrero de 2011

PORTADA - GALICIA ESPAÑA MUNDO ECONOMÍA SOCIEDAD PERIÓDICO IMPRESO DEPORTES OPINIÓN

Betanzos - El Vales Villamarín es el colegio con mayor masificación de toda Galicia

La Voz de Galicia.es



PORTADA GALICIA DEPORTES SOCIEDAD DINERO ESPAÑA MUNDO OPINIÓN PARTICIPA BLOGS ODO Y CULTURA SERVICIOS CANALES TIENDAS

La oposición y la regidora se enzarzan sobre el uso del suelo del nuevo colegio

Betanzos / A Voz / 19.02 / 2011



Sada / Betanzos

Problemas en el registro retrasan la cesión de la parcela del colegio



Sada / Betanzos

La lucha por más pupitres

El Ideal Gallego

Martes, 15 de Febrero de 2011

PORTADA - GALICIA ESPAÑA MUNDO ECONOMÍA SOCIEDAD PERIÓDICO IMPRESO DEPORTES OPINIÓN

Betanzos- Padres de Coirós y Paderne se unen a las demandas del Vales Villamarín

Última reunión Alcaldesa: promesas incumplidas



o pasado 23 de febreiro a ANPA Brigantium e a ADC Vales Villamarín, aproveitando a convocatoria feita pola Alcaldesa de Betanzos, para aclarar en primeira persoa, as últimas noticias saídas na prensa relacionadas co PXOM, quixo saber cal é o estado actual dos terreos destinados ao colexio de infantil de 3-6 anos.

A realidade é que finalizado xa o mes de febreiro, a Xunta de Galicia segue sen recibir os terreos necesarios para comezar coa redacción do proxecto.

Actualmente os terreos están sendo escriturados no Rexistro de Propiedade. Este proceso estase dilatando en demasía debido a problemas técnicos ou administrativos (terreos sen rexistrar, superficies que non coinciden, etc)

Seguramente cada un destes problemas, por si sos, poidan ser xustificables, diante duns pais que descoñecen cales son os procedementos da Administración, sen embargo en termos xerais a realidade é moito máis concisa e clara.

Despois de 4 anos, non cabe ningún tipo de xustificación.

Na última "folla de ruta" acordada entre a ANPA e os máximos responsables do Concello, os terreos ían estar cedidos a finais de xaneiro. A redacción do novo proxecto tería que estar licitada na 1ª quincena de febreiro. E xa se sabe, sen terreos non hai, nin proxecto, nin licitación.

Voluntaria ou involuntariamente, detrás dunha nova promesa, hai un novo incumprimento.

Este ano deixa o colexio a primeira promoción de nenos/as do Concello de Betanzos que recibiron integramente toda a súa educación infantil e primaria, no Edificio masificado de E. Primaria.

Promoción do 2002-2003

Descontos a socios da ANPA no Comercio de Betanzos

Coa intención de engadir cada vez máis valor ao feito de ser socio/a do ANPA Brigantium, a xunta directiva está a traballar nunha campaña entre o Comercio de Betanzos, para que este ofrezca descontos nas compras que realicen os nosos afiliados.

Como paso previo, este mes todos os socios/as da nosa ANPA recibiron os carnés familiares que os acredita como tales.



Este carné familiar nos acreditará como socios diante dos Comercios que se adhiran a esta iniciativa.

A medida que os comerciantes se vaian adherindo a esta iniciativa os iremos anunciando a través deste boletín e a través do noso blog onde haberá un listado completo dos comercios onde se ofrecen descontos.

A día de hoxe o único comercio adherido é Óptica Brigantium, pero en breve esperamos ter máis.



Axudádenos: Se coñeces a algún comerciante interesado, dádelle o noso enderezo electrónico

anpabrigantium@gmail.com

Actividades para nais e pais

Ao longo deste pasado mes de febreiro celebráronse no CEIP, varias xornadas dirixidas ás nais/pais dos alumnos matriculados no centro.

Uso seguro de INTERNET

Mestres pertencentes ao equipo TIC (Tecnoloxías da Información / Comunicación) do colexio en colaboración co departamento especialista da Garda Civil neste campo, impartiron nocións sobre as vantaxes e posibilidades de aprendizaxe de INTERNET e sobre os riscos dun mal uso desta ferramenta.



Imaxe da xornada "Uso seguro de INTERNET"

Educación para o Consumo

Profesionais de Escola Galega de Consumo estiveron impartindo unha xornada sobre consumo responsable, compras por INTERNET, Alimentos funcionais, etiquetado, calidade dos produtos, consumo responsable, etc..



Imaxe da xornada

Xornada "Que lles digo?"

CONFAPA Galicia ven de organizar unha xornada para directivos de ANPAS enfocada, tanto á adolescencia, como á preadolescencia.

A exposición correu a cargo de Pedro García Aguado, (presentador do programa "El Campamento".- Cuatro TV).

Pola súa parte Eduardo Dopico e Jacobo Mosquera, ambos educadores sociais, faláron dos resultados obtidos no proxecto "Estratexias para a Convivencia nos Centros Educativos", que están a desenvolver en diferentes colexio de A Coruña.



MARCADOR CESION TERREOS

Anos

4

ANPA Brigantium



4 anos perdidos

<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

facebook: anpabrigantium



CONCELLO DE BETANZOS
CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN